

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11077** *REAL DECRETO 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados ao consumo humano.* («BOE» 134, do 5-6-2007.)

O Real decreto 1098/2002, do 25 de outubro, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con determinados animais mortos e os seus produtos, aprobouse na falta de normativa estatal expresa sobre esta materia. Este Real decreto 1098/2002, do 25 de outubro, ditouse pola necesidade de posibilitar a alimentación dirixida das aves rapaces necrófagas, a raíz da regulación da recollida e análise dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano pola aparición de encefalopatías esponxiformes transmisibles. Fundaméntase no deber de conservación das aves silvestres establecido na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación de aves silvestres, e na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, que inclúe a obriga de garantir a preservación da fauna silvestre incluída nalgunha das categorías de ameaza do Catálogo Nacional de Especies Ameazadas, mediante a posta en marcha de medidas de conservación no hábitat natural de cada especie.

Con posterioridade a este, o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, a Decisión 2003/322/CE, da Comisión, do 12 de maio de 2003, modificada pola Decisión 2005/830/CE, da Comisión, do 25 de novembro, sobre a aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 relativas á alimentación das especies das aves necrófagas con determinados materiais da categoría 1, e o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, estableceron o marco normativo aplicable á alimentación de fauna silvestre con subprodutos de orixe animal. Esta normativa, no contexto da conservación das especies e os seus hábitats, ten o seu marco legal na Lei 4/1989, do 27 de marzo.

Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directas da normativa comunitaria citada, razóns de seguranza xurídica, ante a necesidade de coordinar debidamente a normativa nacional e a comunitaria, fan que sexa necesario derogar expresamente o mencionado Real decreto 1098/2002, do 25 de outubro, ao mesmo tempo que se

aprobe o marco básico para a alimentación de aves rapaces necrófagas, en especial as protexidas, con subprodutos animais non destinados ao consumo humano, incluídos cadáveres enteiros de ruminantes.

Esta disposición foi sometida á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados e a Comisión Nacional de Protección da Natureza emitiu informe.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao abeiro do artigo 149.1, regras 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, polas que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2007,

### DISPÕO :

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas relativas aos supostos e condicións en que se permitirá a utilización de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, para a alimentación de aves rapaces necrófagas nas zonas de alimentación.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán aplicables as definicións incluídas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

b) Lugar de procedencia: a explotación, empresa agropecuaria ou industria alimentaria desde onde parten os subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

b) Zona de alimentación ou comedreiro de aves necrófagas: o lugar acondicionado expresamente para a alimentación de aves rapaces necrófagas.

### Artigo 3. *Autorización.*

1. A autoridade competente poderá autorizar a alimentación en zonas de alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados ao consumo humano e demais produtos relacionados no anexo, nos termos e condicións previstos no artigo 8.2 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, cando esta comprobese que as necesidades alimenticias da poboación de aves rapaces necrófagas dunha determinada zona non están cubertas, xa sexa como consecuencia da execución das actuacións en materia de prevención, loita, control ou erradicación das enfermidades dos animais, xa sexa por calquera outra causa, ou cando así se xustifique dentro dun plan específico, aprobado por esta autoridade competente, dentro dun proxecto de reintrodución ou recuperación de aves necrófagas.

2. A autorización implicará, así mesmo, a autorización do transporte dos subprodutos animais desde o lugar de procedencia á zona de alimentación ou comedero de aves necrófagas, sen prexuízo de que este se efectúe de acordo co previsto no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e nas correspondentes normas estatais e autonómicas de aplicación.

3. Para a concesión da autorización, a zona de alimentación ou comedero de aves necrófagas debe reunir, polo menos, as seguintes condicións:

- Estar suficientemente arredado de zonas habitadas, e en todo caso a máis de 500 metros de núcleos de poboación estable, nunca se situará próximo a cursos de auga superficial ou a augas subterráneas que puidesen ser contaminados.
- Estar cercado, claramente delimitado e fóra do alcance de animais terrestres, sexan de produción, de compañía ou domésticos.
- Ter unha superficie suficiente e estar situado nunha zona despexada que permita o acceso e a fuxida das rapaces necrófagas.
- Contar cun único acceso para os vehículos de transporte e ter delimitada unha zona en que depositar os subprodutos animais.
- A explotación de orixe dos cadáveres non deberá estar sometida a ningunha medida específica de restrición do movemento pecuario por motivos de sanidade animal.

### Artigo 4. *Especies de interese particular.*

Malia o previsto no artigo 3.1, nos termos e condicións previstos na Decisión 2003/322/CE, da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre a aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, relativas á alimentación das especies de aves necrófagas con determinados materiais da categoría 1, a autoridade competente poderá autorizar, baixo a súa supervisión, a utilización de cadáveres enteiros de animais das especies bovina, ovina e caprina, aínda que conteñan material especificado de risco, unicamente para alimentar as seguintes especies: voitre leonado (*Gyps fulvus*), voitre negro (*Aegypius monachus*), voitre branco (*Neophron percnopterus*), quebraosos (*Gypaetus barbatus*), aguia imperial ibérica (*Aquila adalberti*), aguia real (*Aquila chrysaetos*), miñato real (*Milvus milvus*) e miñato queimado (*Milvus migrans*).

### Artigo 5. *Solicitud e rexistro de autorizacións.*

1. As solicitudes de autorización da utilización de subprodutos animais non destinados ao consumo

humano, para a alimentación de aves rapaces necrófagas nas zonas de alimentación, deberán presentar ante a autoridade competente en cuxo territorio radique o comedero ou os comederos para os cales se solicita a autorización, e nelas faranse constar cando menos os seguintes datos:

- Localización xeográfica do comedero ou comederos para os cales se solicita autorización.
- Relación de explotacións, establecementos, núcleos zoolóxicos ou coutos de caza maior que estea previsto que vaian achegar produtos relacionados no anexo para a alimentación das aves necrófagas.
- Cantidade ou peso estimado dos produtos relacionados no anexo que está previsto achegar para a alimentación das aves necrófagas.
- A ruta ou traxecto previstos desde o lugar de procedencia dos produtos relacionados no anexo ao comedero ou comederos.
- Compromiso escrito do responsable do comedero da aceptación dos subprodutos.

2. No caso de que os lugares de procedencia dos produtos relacionados no anexo non se encontren na comunidade autónoma onde estea o comedero, a autoridade competente dará traslado da solicitude a estas comunidades autónomas.

3. Cando a solicitude se refira ou comprenda cadáveres de animais da especie bovina, ovina e caprina, deberase incluír unha descrición do procedemento previsto polo solicitante para garantir a obtención e, de ser o caso, o acompañamento nos traslados, da seguinte documentación, que se deberá remitir á autoridade competente en materia de sanidade animal:

- Identificación dos animais de acordo coa normativa vixente.
- Documentación acreditativa de lles ter realizado aos animais, en función da súa idade e de acordo co previsto na Decisión 2003/322/CE, da Comisión, do 12 de maio de 2003, as probas previstas no anexo II do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e se regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, e con resultado negativo destas probas.

4. As autorizacións deberán prever a achega aos comederos exclusivamente dos produtos que se relacionan no anexo.

5. A autoridade competente manterá un rexistro coas autorizacións concedidas, no cal se incluírán os datos relativos ao código de identificación dos cadáveres de animais das especies bovina, ovina e caprina transportados.

### Artigo 6. *Información.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla informarán antes do 31 de marzo os órganos competentes da Administración xeral do Estado das actuacións realizadas no seu territorio no ano anterior, que abrangerán, polo menos:

- Especies necrófagas para as que se adoptan as medidas recollidas neste real decreto.
- Rexistro de zonas de alimentación autorizadas.
- Lista de todas as explotacións e establecementos que achegan subprodutos aos comederos autorizados, especificando aquelas explotacións e establecementos que subministren os subprodutos que se indican nos parágrafos b) e c) do punto I do anexo.
- Volumen total de subprodutos e cadáveres achegados aos comederos separado por especie animal e por categoría de subproduto segundo o Regulamento (CE)

n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002.

e) Información sobre as probas rápidas de detección de encefalopatías esponxiformes transmisibles realizadas que inclúa o número de tests realizados para cada especie.

#### Artigo 7. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Alimentación con animais de especies cinexéticas de caza maior.*

O Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, non é aplicable aos corpos enteiros ou partes de animais salvaxes non sospeitosos de estar infectados por enfermidades transmisibles aos seres humanos ou aos animais. No caso da actividade cinexética, porén, para poder destinar os cadáveres ou parte destes, dos animais abatidos, á alimentación en zona de alimentación das aves rapaces necrófagas, será preciso que un veterinario comprobe previamente a mencionada ausencia de enfermidades nos animais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 1098/2002, do 25 de outubro, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con determinados animais mortos e os seus produtos, a excepción da súa disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 16.ª e 23.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e da lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

### ANEXO

#### Produtos que poden ser empregados para a alimentación das aves necrófagas

I. Subprodutos de categoría 1. Cadáveres que conteñan material especificado de risco (bovino, caprino e ovino):

a) Cadáveres enteiros de animais da especie bovina menores de 24 meses de idade e de animais das especies ovina e caprina menores de 18 meses de idade, aínda que conteñan material especificado de risco.

b) Cadáveres enteiros de animais maiores de 24 meses de idade da especie bovina aínda que conteñan material especificado de risco, sempre que se realizase unha proba rápida de diagnóstico de encefalopatía esponxiforme transmisible con resultado negativo.

c) Cadáveres enteiros de animais maiores de 18 meses de idade das especies ovina e caprina, aínda que conteñan material especificado de risco, sempre que se realizase, cando menos nun 4 por cento dos animais mortos nas explotacións de orixe, unha proba rápida de diagnóstico de encefalopatía esponxiforme transmisible con resultado negativo.

A proba rápida de diagnóstico a que se refiren as letras b) e c) deberá estar especificada no Regulamento (CE) n.º 999/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

II. Subprodutos de categorías 2 e 3.

III. Cadáveres ou partes destes procedentes de especies silvestres capturadas no medio natural, incluídas as especies cinexéticas de caza maior, cando non se sospeite que están infectados con enfermidades transmisibles aos seres humanos ou aos animais.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**11208** *ORDE APA/1604/2007, do 1 de xuño, pola que se establecen os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais obxecto do programa nacional de control dos cinco serotipos de salmonela máis frecuentes na salmonelose humana, en mandas de aves reprodutoras do xénero «Gallus gallus».* («BOE» 136, do 7-6-2007.)

O artigo 17.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, dispón que, en caso de sospeita dunha enfermidade de carácter epizoótico, que pola súa especial virulencia, extrema gravidade ou rápida difusión implique un perigo potencial de contaxio para a poboación animal, incluída a doméstica ou silvestre, ou un risco para a saúde pública ou para o ambiente, ou de calquera proceso patolóxico, que, aínda que, non reunindo as características mencionadas, ocasione a sospeita de ser unha enfermidade das incluídas nas listas de enfermidades de declaración obrigatoria, a autoridade competente poderá adoptar, como medida cautelar, o sacrificio obrigatorio dos animais enfermos e sospeitosos, previndo no seu artigo 18 que, tras a confirmación definitiva da existencia da enfermidade, a Comunidade Autónoma actuará do modo establecido en cada caso. Así mesmo, no seu artigo 21, dispón que o sacrificio obrigatorio dos animais dará lugar á correspondente indemnización pola autoridade competente, en función dos baremos aprobados, e que, para ter dereito a indemnización, deberá cumprir o propietario dos animais a normativa de sanidade animal aplicable en cada caso.